



FAMIPED

Familias, Pediatras y Adolescentes en la Red. Mejores padres, mejores hijos.

Educando os fillos: cando menos é máis

Traductor/a: Botóns.eu - Portal Galego de Educación.

[Volumen 5. Nº1. Marzo 2012](#) [1]

Cando pensamos en infancia, véñennos á cabeza os fillos da nosa acomodada sociedade pero, dado o extenso mundo no que vivimos, cada vez aparecen máis nos medios as imaxes de nenos de países asiáticos, de países pobres á beira de nós en Europa, de países misérrimos en África...

Todos cremos coñecer as diferenzas entre nenos de países ricos e pobres. Sabemos que cada poucos segundos morre un neno no terceiro mundo debido á pobreza ou á guerra. Que moitísimos nacen ou quedan enfermos, incapacitados, orfos, cegos ou xordos en rexións onde isto pode ser peor que a morte. Que unha excesiva porcentaxe non pode aprender a ler e a escribir, que ser muller alí é nacer xa cun gran hándicap...

Pero é inxusto falar sempre deses nenos con pesimismo e, desde a FAMIPED, sen caer no maniqueísmo, queremoslle dar outra visión desa infancia, recordar que teñen moitos valores a envexar e, quizá, a imitar.

Esas sociedades fundaméntanse, en xeral, nunha familia sólida e ampla, sexa o núcleo monoparental ou non, e no seu amor polos nenos. Cando a nai ou o pai están enfermos ou ausentes, o resto da familia coida os pequenos, evitando que sufran soidade ou carencias emocionais. Ademais, os nenos respectan a seus maiores con veneración porque saben que da súa experiencia vén a sabedoría.

Ao careceren de recursos económicos, desenvolven a imaxinación para xogos, teatros, mimos, debuxos ou narracións, e aprecian infinitamente os obxectos, ata os pequenos detalles materiais. Doutra banda, non dubidan en compartir, quizá precisamente porque, ao ter pouco, compartir sexa máis fácil ou, talvez, porque aprecian recibir algo cando non teñen de nada.

Viven a vida con naturalidade ata na desgraza; acéptana como chega, sen culpar nin culpase. Son inxenuos, non dan voltas e revoltas mentais a cada actuación.

E os pais, dado que seus fillos non van poder tocar a guitarra, aprender debuxo e ir a clase de reforzo ou de chinés ou de karate, non se estresan; gozan (ou resígnanse) con serenidade, gozando sen máis das horas que, para nós, ás veces, convértense nunha tortura.

Pero o máis importante é que os nenos sorrín moito e rin a gargalladas facilmente. A eles, aínda non conscientes das adversidades, véselles felices.

Como dixemos, non é que os pediatras creamos que os pais nesas sociedades sexan mellores. En absoluto. O ser humano é parecido en todas partes, nin mellor nin peor, pero adáptase ás súas circunstancias. O que si vemos é que nos desenvolvemos materialmente demasiado rápido, con consecuencias desfavorables para nosos fillos, e talvez debésemos frear e retomar algunhas destas ideas educativas que ata hai pouco prevalecían no noso medio, baluarte da educación en valores.

Non parece normal que os nosos nenos de tres anos reciban en Nadal agasallos de papá Noel e Reis por parte de avós, tíos e pais. Ou que, desde idades temperás, teñan que levar xerse de marca, ir ao cine toda fin de semana, con flocos de millo incluídos, ou cambiar o teléfono cada 2 anos.

Educando os fillos: cando menos é máis

Tampouco o é que a crianza dun bebé nos resulte unha carga da que non podemos gozar porque, no canto de usar o instinto e o sentido común, queremos descargar a responsabilidade noutros, recibir instrucións para cada movemento, culpar os demais se non sae todo como se prevía, e ter fillos perfectos, é dicir coas características e calidades idealizadas do que debe ser un fillo.

Sería interesante copiar algúns dos aspectos destes países: aceptar con máis naturalidade as carencias ou diferenzas de calquera tipo dos nosos fillos, promocionar a súa estabilidade emocional por encima da académica, o desenvolvemento da súa creatividade e da súa espiritualidade e, desde logo, gozar deles, con eles; rirse, facerlles caso aínda que teñamos " cousas pendentes"; compartir TEMPO, se non o faciamos, e gozar do non material.

Seguramente, cando sexan maiores, recordarán moito máis as randeiras, o paseo ou a partida de parchís con eles que a última xeración da play ou a clase de piano á que seu pai se empeñou en que asistise, sen ter en conta as súas aptitudes e preferencias.